

A licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de edificación e uso do solo proxectados se axustan ó ordenamento urbanístico vixente. Así mesmo, para a concesión da licenza verificarase se o aproveitamento proxectado se axusta ó susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

Como facelo

Presencialmente

Cubrindo un modelo normalizado que estará á súa disposición nas oficinas municipais e acompañar a documentación necesaria na oficina do Rexistro do Concello.

Documentación requirida

- Impreso de solicitude.

- Proxecto técnico redactado polo técnico competente e visado polo correspondente Colexio Profesional.

- Título de Propiedade da parcela primitiva inscrita no Rexistro da Propiedade.

- Plano da cartografía oficial con indicación do terreo a parcelar.

Donde facelo

Oficina de Rexistro do Concello.

Concello de Verín

Teléfono: 988410000-01

Horario: De 9:00 a 14:00 horas.